

ESCOLLE A TÚA AVENTURA

. ACCIÓN .  
dVerán'15

~ actividades ~



**EDITA:**

**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

MaizCreativos

## INTRODUCCIÓN

A campaña de verán que a Consellería de Traballo e Benestar pon en marcha para o ano 2015, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, inclúe oportunidades de participación para aqueles mozos e mozas que teñades entre os 18 e os 30 anos (inclusive) mediante o programa **Conecta con Galicia**.

## RESERVA DE PRAZAS

A reserva podédelas facer por teléfono, a partir **do 25 de marzo**, nos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar de Lugo e Ourense.

Unha vez que fagades a reserva da praza, teredes un prazo de 48 horas, que contará dende o día seguinte a aquel no que fixerades a reserva, para:

- ∞ Facer efectiva a cota de participación, segundo as instrucións que se comunicarán no momento de facer a reserva da praza.
- ∞ Presentar no servizo de Xuventude e Voluntariado correspondente, ou por correo electrónico ou no fax específico de cada actividade, a seguinte documentación:
  - Xustificante do pagamento da cota.
  - Fotocopia do DNI por ambas as dúas caras (unicamente se non autorizas esta consellería a consultar os teus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos, de conformidade cos

artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve).

- Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.
- Xustificante da condición de familia numerosa.
- Ficha informativa cuberta.

De non presentardes a documentación no prazo de **48 horas**, perderedes o dereito á praza.

## PREZO

O prezo da actividade inclúe a estancia e a manutención. Non inclúe o desprazamento ata a instalación correspondente, que correrá pola vosa conta.

As persoas que posuades o **Carné Xove** teredes un **desconto do 25%** sobre os prezos establecidos neste folleto. Para poder aplicar este desconto, debes ter o Carné xove vixente no momento de efectuar o pagamento.

Así mesmo as persoas que posuades o título de **familia numerosa** teredes un **desconto do 25%**.

**Ambos os descontos non son acumulables.**


## DEVOLUCIÓN DE COTAS

Só se devolverá a cota de participación no caso de que se suspenda a actividade.



. ACCIÓN .  
dVerán'15

~ actividades ~



CONECTA CON GALICIA ..... 07



## CONECTA CON GALICIA

Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos/as e da Galicia exterior, coa finalidade de lles dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que eles/as sexan os protagonistas.

### QUENDA 1

CONECTA CON GALICIA	CÓDIGOS	QUENDAS	COTA	CARNÉ XOVE/ FAMILIA NUMEROSA
	271001	1-12 xullo	50 €	37,50 €

#### ACTIVIDADES:

**Cultura e camiño.** Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Lugo. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés), ata Compostela.

**O mar de Galicia.** Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

#### ALOXAMENTO:

Días 1.º ao 6.º: Campamento Xuvenil LUG II (Lugo)

Días 7.º ao 12.º: Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)

TELÉFONOS: 982 294 923

FAX: 982 294 339

CORREO: xuventudelugo@xunta.es

### QUENDA 2

CONECTA CON GALICIA	CÓDIGOS	QUENDAS	COTA	CARNÉ XOVE/ FAMILIA NUMEROSA
	321001	15-26 xullo	50 €	37,50 €

#### ACTIVIDADES:

**Cultura e camiño.** Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Ourense. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata ou Sanabrés), ata Compostela.

**O mar de Galicia.** Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

#### ALOXAMENTO:

Días 1.º ao 6.º: Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)

Días 7.º ao 12.º: Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)

TELÉFONOS: 988 386 120 / 988 386 116

FAX: 988 386 119

CORREO: servizo.xuventude.ourense@xunta.es

galicia



## LUGO

### SERVIZO DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Rolda da Muralla, 70  
27001 Lugo

Teléfono: 982 294 923

Fax: 982 294 339

## OURENSE

### SERVIZO DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Avda. da Habana, 81, baixo  
32004 Ourense

Teléfonos: 988 386 120  
988 386 116

Fax: 988 386 119



XUNTA  
DE GALICIA